



1. Denominación do curso (nome do expediente): Peixería
2. Contidos:
 - Prevención de riscos laborais específicos
 - Hixiene alimentaria
 - Coñecemento e diferenciación de peixes e mariscos
 - Recepción, almacenaxe e conservación de peixes e mariscos
 - Tratamento e preparación do peixe: desespiñado, fileteado, corte e presentación. Tratamento de despoños
 - Atención ao público e adaptación ao posto de traballo
 - Formación en obradoiros de peixe (150 horas)
 - Prácticas profesionais non laborais (100 horas)
3. Horas totais do curso: 400
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación, na Gándara, e nas instalacións dos obradoiros e das empresas colaboradoras en prácticas.
5. Datas previstas do curso: Do 18 de setembro ao 21 de decembro de 2019.
6. Horario previsto: De 8:30 a 14:30 horas en Aula, de luns a venres. Mesmo horario nos obradoiros, pero de luns a venres ou de martes a sábado. Durante a realización das prácticas en empresa, en horario de 6,5 horas /día, de L-V ou de M-S.
7. Nº de prazas: 15.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.
8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroadado no Concello de Narón. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadroamento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase coa tarxeta de desemprego actualizada no día de inicio de curso.
9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 4 de setembro, ás 8:30 horas ata o 11 de setembro de 2019, ás 13:00 horas.



A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse no horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:00 horas).

11. Selección do alumnado: Por rigorosa orde de inscrición no rexistro, sempre que existan máis solicitudes que prazas. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.

12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, contactar coas seguintes persoas: Angela Lagoa: 981-337700, ext. 1123 / Ángel Álvarez: 981-337700, ext. 2602 / Margarita Fresnillo: 981-337700, ext. 1120 / Montse Garel: 981-337700, ext. 1107, e na sección de Servizos, Formación a Actividades Municipais da páxina web do Concello.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso.

14. Información sobre a documentación: As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De no acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.